

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALVATERRA DE MIÑO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

NOMEAMENTO DOS MEMBROS QUE INTEGRAN A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DECRETO

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local e art. 59.2.b) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, referentes á existencia e membros da Xunta de Goberno Local, e como queira que tal órgano é obrigatorio para os concellos de máis de 5.000 habitantes, non podendo superar o número de membros o terzo do total dos que compoñen a Corporación,

RESOLVO

Primeiro.- Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Salvaterra de Miño, que estará formada pola Alcaldía e catro concelleiros/as.

Segundo.- Nomear membros da Xunta de Goberno local ós/as seguintes concelleiros/as, que baixo a miña Presidencia, integrarán a citada Xunta:

- D. Ernesto Groba González
- D. Manuel Andrés Acuña
- D^a Antonia Pereira Souto
- D^a Begoña Bouza Lago

Terceiro.- Notificar esta resolución ós/as interesados/as.

Cuarto.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da súa data.

Quinto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a Marta Valcárcel Gómez, en Salvaterra de Miño; diante de min, a Secretaria, que dou fe.

Documento asinado electronicamente na marxe.

